

## **Resolución do vicerreitor de Titulacións e Internacionalización do 17 de marzo de 2025, pola que se aproban a guía e os prazos para a presentación e aprobación das propostas de mestrados de formación permanente, estudos propios de posgrao e estudos propios de formación continua que se impartirán anualmente ou no primeiro cuadrimestre do curso 2025/26**

O Regulamento de estudos propios aprobado no Consello de Goberno do 20/12/2022, establece que as propostas de novos cursos propios lle serán remitidas á Unidade de Estudos Propios (UEP) nos prazos que, para estes efectos, se estableceren e que a propia UEP difundirá coa suficiente antelación (artigo 21). Así mesmo, habilita o vicerreitor de Titulacións e Internacionalización para o ditado das instrucións que sexan oportunas (disposición adicional segunda). En exercicio desa facultade procede aprobar esta guía e os prazos para presentar e aprobar propostas de mestrados de formación permanente, estudos propios de posgrao e estudos propios de formación continua que se impartirán anualmente ou no primeiro cuadrimestre do curso 2025/26.

### **I. Ámbito de aplicación**

1. Esta guía e os prazos recollidos nela aplicaranse, en xeral, a todos os estudos de formación non regrada con duración anual, así como aos de duración cuadrimestral que se impartan no primeiro cuadrimestre. En particular, aplicaranse aos mestrados de formación permanente, ao diploma de especialización e ao diploma de experto que se impartan no primeiro cuadrimestre.
2. Habilitarase un prazo específico para presentar as propostas de estudos propios de posgrao que se realicen exclusivamente no segundo cuadrimestre, aínda que as solicitudes se poderán presentar dentro dos prazos que aquí se establecen.
3. Os restantes estudos propios de formación non regrada e as microcredenciais poderanse propor ao longo de todo o curso académico.

### **II. Presentación de propostas**

1. As propostas formalizaranse a través do sistema de xestión académica SIGMA Academics.
2. O/a coordinador/a dun novo estudo débelle comunicar a dirección da UEP, mediante o formulario <https://forms.office.com/e/zp3499gjtq>, os seguintes datos para solicitar o acceso á persoa encargada da entrada da proposta (habitualmente o/a coordinador/a do título), que debe dispor de credenciais na UDC:
  - Título do estudo
  - Nome, apelidos e NIF da persoa encargada da entrada da proposta
  - Se a persoa para quen se solicita acceso non é a coordinadora do estudo, hai que incluír unha breve xustificación.

As instrucións para tramitar as solicitudes están dispoñibles no seguinte enderezo web [https://www.udc.es/gl/uepp/informacion\\_coordinadores/](https://www.udc.es/gl/uepp/informacion_coordinadores/)

### **III. Información**

Para calquera dúbida ou consulta, pode contactar co persoal da UEP (ext. 2392, 2382, [uepp@udc.es](mailto:uepp@udc.es)).

#### IV. Cadro resumo de trámites, responsables, datas e formalización

ACTIVIDADE	RESPONSABLE	DATAS (2025)	FORMALIZACIÓN
Envío de propostas da UEP	Director/a do estudo propio	ata o <b>9 de abril</b>	Enviarase a Memoria previa no caso de novas propostas ou a Memoria de continuación de estudos no caso dunha nova edición do estudo. Toda a documentación necesaria ten que se enviar a través do formulario dispoñible na páxina web da UEP. Este formulario usarase sempre que se precise enviar nova documentación á UEP.
Aprobación das propostas e informe das solicitudes	Comisión de Estudos Propios (CPE)	antes do <b>18 de abril</b>	A CPE emitirá un informe da proposta. No caso de que se aprrobe, someterase a proposta a aprobación no seguinte Consello de Goberno. Se non se aproba, enviaráselle un informe ao/a coordinador/a do título cos aspectos que se deben modificar.
Envío de propostas modificadas	Director/a do estudo propio	antes do <b>2 de maio</b>	Envío da memoria modificada para a súa aprobación.
Aprobación das propostas modificadas e informe das solicitudes de estudos propios modificadas	Comisión de Estudos Propios	antes do <b>14 de maio</b>	A CPE emitirá un informe da proposta. No caso de ser aprobada, enviarase a proposta para a súa aprobación no seguinte Consello de Goberno.
Prazos de preinscrición	Unidade Estudos Propios	<b>2 xuño</b> ao <b>12 setembro</b>	Estableceranse os prazos de preinscrición, de xeito prioritario, dentro das datas que se sinalan.
Prazos de matrícula	Unidade Estudos Propios	<b>14 de xullo</b> ao <b>17 setembro</b>	Estableceranse os prazos de matrícula, de xeito prioritario, dentro das datas que se sinalan.

Na data de sinatura dixital

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

DIRECTORES/AS DE ESTUDOS PROPIOS

DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS

DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTOS E INSTITUTOS UNIVERSITARIOS